

## UNHA LECTURA DE CASTELAO: O DEBATE SOBRE A HISTORIA DA NACION GALEGA EN *SEMPRE EN GALIZA*

ALFONSO MATO DOMINGUEZ  
Universidade de Santiago

Eu levaba intención de furgar cara o futuro, e non fixen outra cousa que furgar no pasado.

Castelao, *Sempre en Galiza*

Analiza-la lectura que da Historia de Galicia fai Castelao na súa obra *Sempre en Galiza*, é o obxectivo desta comunicación. Cómpre clarexar logo, dende agora, que non se trata de estudia-la aportación historiográfica de Castelao á Historia de Galicia: é evidente que Castelao non foi historiador, nin *Sempre en Galiza* é un libro de historia, senón un conxunto de ensaios políticos que poderíamos caracterizar como obra de autoría colectiva ou obra-collage, na que Castelao, ademais das súas aportacións, recolle moitos dos elementos político-ideolóxicos dos principais teóricos do nacionalismo galego para articular, non sen contradicións, debido ó carácter contradictorio dos mesmos elementos dos que bota man, un nacionalismo de corte democrático e populista, como xa ten sinalado o profesor Xusto G. Beramendi (1).

Unha peza importante no collage utilizado por Castelao para a articulación do seu nacionalismo, é a Historia de Galicia, cuns contidos e interpretacións que toma prestados, sobre todo, da historiografía romántica galega, encabezada pola obra historiográfica de Murguía -o historiador máis citado en *Sempre en Galiza*-, que constitúe para o noso autor a base do nacionalismo galego. Agora ben, á diferenza dos historiadores, Castelao non pretende ofrecer unha visión xeral e detallada da Historia de Galicia -en boa medida esa misión xa a levara a cabo Murguía, e, por outra parte, ese non era o obxectivo do *Sempre en Galiza*: o máis que chega é a bocetar un resume histórico ó comenzo dos Libros I e IV, en base a personaxes e xestas simbólico-patriotas (Medulio, Prisciliano, Xelmírez, etc.) ou períodos culturais nos que sobresaen as formas autóctonas de cultura (románico, barroco, etc.), seguindo esencialmente neste último caso o esquema do *Ensayo histórico sobre la cultura gallega* de Otero Pedrayo. Aínda máis, para Castelao a Historia xoga un papel secundario fente á Tradición. Segundo as súas propias palabras, "o pasado soio nos deixou desilusións de vida e nin tan siquera sabemos

---

(1) Xusto G. Beramendi, *La evolución ideológica de Castelao (del maurismo al galleguismo populista democrático)*, en "Castelao 1886-1950", catálogo da exposición realizada polo Ministerio de Cultura con motivo do centenario de Castelao (Madrid, 1986).

cal foi o seu millor propósito" (2); para el, a Historia de Galicia é a crónica do fracaso do feito diferencial galego, que só se revela na Tradición, "a alma eterna de Galiza, que vive no instinto popular e nas entrañas graníticas do noso chan" (3). Ou sexa, o que define o feito diferencial de Galicia é a Tradición revelada "no idioma, no espírito, na cultura, na arte, no xeito de vivir e de pensar..." (4), que forman os valores sustantivos da nación, fronte ós valores relativos, os feitos históricos. Sen embargo, a Tradición da que fala Castelao ten unha orixe e un desenvolvemento históricos, polo cal á hora de defini-los elementos que a constitúen ten que acudir -como xa fixera Murguía- á Historia, para rastrexar nela os rasgos diferenciadores da nacionalidade. Pero isto non supón ningunha contradición para un Castelao que diferencia os feitos históricos, permutables (os políticos e económicos), do que el considera valores sustantivos, eternos, ahistóricos, que non sofren un cambio sustancial no percorrer da Historia: a etnia, a Terra -ámbolos dous, elementos principais do seu concepto de nación-, a lingua, etc. Valores, por outra parte, incuestionables, que foron custodiados ó traveso dos séculos polo que para Castelao vai se-lo suxeito histórico na Historia de Galicia: o pobo-nación, ese mesmo que nos describe a continuación da "Santa Compañía dos inmortaes" como unha moitedume de innomeados, ánimas anónimas "que gardan e custodian no seo da terra-nai os legados múltiples da nosa Tradición, os xermes incorrutibles da nosa futura Historia, as fontes enxebres e purísimas do noso xenio racial" (5).

A pesar deste rexeitamento da Historia, ou subordinación a un segundo plano na súa concepción da nación, Castelao utilizará con frecuencia o discurso histórico en *Sempre en Galiza*, sobre todo a partir do Libro II, e máis aínda no Libro III, nos que acentúa o carácter nacionalista da súa prosa, converténdose nese pensador involuntario e, ás veces, "visionario" que tódolos exiliados levan dentro. Quedan atrás os tempos da acción desesperada diante da sublevación militar contra a República, e o futuro que intenta explicitar nos seus escritos, malia a súa vontade, perde terreo fronte ó pasado. É agora cando aparece o debate -que non exposición lineal e detallada- sobor da Historia de Galicia. É o momento, en palabras de Castelao, de "lembrar certos feitos históricos, reveladores de consignas non revocadas, para que os galegos nos dispoñamos a fortificar o noso enxebriño. E xa que a historia non nos ofrece máis que desilusións, sírvannos estas, tan siquera, de aviso proveitoso para non reincidirmos nos mesmos erros, pois a todo se pode dar de lado menos a experiencia" (6).

Seguindo a Murguía, Castelao considera a Galicia unha nacionalidade independente ata o reinado dos Reis Católicos. Entendendo a independencia máis no sentido do non sometemento a outras nacións, que no do disfrute dunha soberanía política. Pois, segundo Castelao, aunque Galicia tivo a oportunidade, en certos períodos históricos -monarquía sueva, monarquía eclesiástica de Xelmírez,

---

(2) Castelao, *Sempre en Galiza*, p. 3. Cito pola edición da Ed. Galaxia (Vigo, 1986).

(3) Castelao, *op. cit.*, p. 36.

(4) Castelao, *op. cit.*, p. 36.

(5) Castelao, *op. cit.*, p. 391.

(6) Castelao, *op. cit.*, p. 335.

etc., de consolidar un reino independente, "endexamáis aproveitou as ocasións que o destino nos deparou" (7). Como compensación, os períodos de sometemento ó imperio romano e á monarquía visigoda, así como o que se corresponde coa Reconquista, non alteraron as características fundamentais da nacionalidade galega. Enténdase que a pervivencia das mesmas é "vital" na súa concepción da nación, pois son elas as que definen a existencia do feito diferencial galego, por riba da vontade política ou da propia Historia (non chega con ter historia propia, hai que contar, sobre todo, cos atributos diferenciais, coa soberanía natural).

Nesta primeira etapa independente hai un período histórico que destaca sobre tódolos demais no seu discurso: a Idade Media. Isto non quere dicir que Castelao non lle conceda importancia a un período como o céltico, que xoga un papel preponderante nas obras de Murguía e Risco, das que Castelao é debedor. Pola contra, para o noso autor, Galicia é un pobo céltico, os celtas foron "os que nos deron o pulo xenético da nosa unidade espiritual" (8), e a galeguísima cultura dos castros é a época na que teñen a súa orixe moitas das características nacionais. Para el, a Terra e a Raza, son os elementos (por riba de tódolos demais) definitorios e garantidores da nación; anque ás veces, para desmarcarse do nacionalismo racista, que considera "un delito e tamén un pecado" (9), prefira falar de "afinidades étnicas que nos asemellan a outros pobos atlánticos, que viven nos Fisterres" (10). De tódolos xeitos, e a pesar de que o tema non aflore con asiduidade no texto, a etnia (o céltico), xunto co poder creador da terra-naí, xoga un papel esencial no discurso de Castelao, no momento de defini-la orixe do "fondo primitivo", do "substractum inasimilable" de Galicia, aínda que en ocasións evite falar do mesmo para non caer como nos di, "en tentacións antipáticas, tales como a de proclamar que nós somos *arios* e os demais *semitas*" (11).

A hora de enxuicia-lo papel sobranceiro que xoga a Idade Media na visión que nos da Castelao da Historia de Galicia, é necesario suliñar que a Idade Media, en sí mesma, ocupa un lugar preponderante no seu pensamento. Na súa concepción da Historia (que contén referencias spenglerianas) como "unha espiral ascendente cara a perfección" (12), e na que cada volta consta de tres períodos -iniciación, desenrolo e decadencia-, a Idade Media é unha época que se corresponde con Exipto, ámbalas dúas definidas como períodos de iniciación e dominadas polo sentimento relixioso, fronte a Roma e ós tempos actuais, períodos de "decadencia espiritual e, ó mesmo tempo, de progreso utilitario, onde morre o sentimento relixioso e arruffian as entrañas da cultura". No medio estarían Grecia e o Renacemento, períodos de desenrolo, caracterizados polo enfriamento relixioso e por unha eclosión da alta cultura. Consecuentemente, e seguindo esta lei,

---

(7) Castelao, *op. cit.*, p. 61.

(8) Castelao, *op. cit.*, p. 138.

(9) Castelao, *op. cit.*, p. 138.

(10) Castelao, *op. cit.*, p. 138.

(11) Castelao, *op. cit.*, p. 238.

(12) Castelao, *op. cit.*, pp. 225-6. As citas que van a continuación, no mesmo párrafo, sen chamada, pertencen as páxinas 225-6.

Castelao pronostica a volta "ao imperio do espírito, como Exipto, como a Edade Media..., a un período de iniciación... no que xurdirán sentimentos relixiosos..., a moita distancia das resignacións que viñeron de Oriente". Agora ben, disto non se pode deducir que Castelao propugnara unha volta a Idade Media nun sentido politicamente tradicionalista ou reaccionario. A súa traxectoria política é proba evidente. En todo caso, a "simpatía" que Castelao sinte pola Idade Media poderíase relacionar, ó meu entender, coa súa relixiosidade e coa súa concepción dun liberalismo de corte espiritual -frente ó liberalismo político e económico que rexeita-, que el vería reflexado históricamene na época medieval, tempo iniciático espiritualmente, no que se conxugaban, ó seu xuício, as liberdades nacionais, logo abolidas polo absolutismo, e o sentimento relixioso (13).

Sinala tamén Castelao outras causas, de tipo histórico, que configuran, na súa opinión, ó medioevo galaico como un período trascendental na Historia da nación galega. A saber: Galicia entra na Idade Media "dona xa dunha tradición e chea de grandes enerxías" (14); perde a posibilidade de conseguila soberanía política e, ó final deste período, remata sendo soxuzgada por Castela. De seguido tratarei de sintetiza-la visión que nos ofrece Castelao destes momentos.

Segundo Castelao, Galicia é na época medieval unha nación claramente diferenciada. E dicir, chega á Idade Media dona da súa soberanía natural, coas características que a definen como nacionalidade, intactas. Sen entrar nun estudio pormenorizado destas características, nin na utilización que fai Castelao das mesmas na confrontación Galicia-Castela, así coma na relación Galicia-Portugal, tentarei dar unha visión sintetizada delas, que de paso servirá para suliñar a importancia, xa apuntada anteriormente, que posúe o elemento étnico para Castelao. Partindo da simbiose terra-raza como elementos garantizadores da identidade

---

(13) Castelao acusa á democracia "de ser unha tapadera de vellos absolutismos, cando o pobo é somentes soberán o día das eleccións, limitándose a súa soberanía ao terreo da política e ficando excluído do poder económico" (p. 202). Na mesma páxina critica ó liberalismo político, "que entorpece algunhas veces o desenrolo das grandes concepcións" (¿das nacionalidades? ¿do Estado plurinacional?), e ó liberalismo económico, que "afoga decote as iniciativas xenerosas" (?). Frente a éstes parece propoñer o que el denomina "liberalismo espiritual" (p. 202), ou "unión da liberdade coa sabiduría" (p. 235), conceptos non definidos, e polo tanto de difícil clarificación. Traballo, en fin, para unha futura edición crítica da súa obra.

Polo que respecta ós conceptos de liberdade e democracia, Castelao, desde unha óptica exclusivamente nacionalista (igualando liberdades a liberdades nacionais), nega que éstas sexan froito das ideas revolucionarias do oitocentos difundidas polos liberales, xa que para el son anteriores "á unidade hespañola", ó absolutismo (véxase por exemplo as pp. 235-6). Os mesmos sentimentos de liberdade e democracia que se producen na España do momento, non son máis, segundo nos di, que "un eco lonxano das tradicións hespañolas". Agora ben, este elemento ideolóxico de procedencia conservadora (¿liberdades tradicionais de Brañas?), non conleva en Castelao unha adscripción ó tradicionalismo, que el mesmo rexeita no seu libro, senón que forma parte dese conxunto de elementos ideolóxicos, de distinta procedencia, conservadores e progresistas, cos que articula o seu nacionalismo populista e democrático.

(14) Castelao, *op. cit.*, p. 240.

da nación, o noso autor explicita, sobor de todo no Libro III de *Sempre en Galiza*, o conxunto de características coas que Galicia entra no medioevo:

- Unidade territorial -a antiga *Gallaecia*- recoñecida por Roma e consagrada polo Reino Suevo.
- Idioma propio, fillo do latín, irmán do castelán e pai do portugués, que acadara a súa maior expresión culta na poesía lírica dos Cancioneiros.
- Ruralismo, supremacía do campo sobre a cidade, que para Castelao ten a súa orixe na cultura dos castros, aséntase con Roma, por medio da *vila*, e desemboca coa Igrexa, na parroquia. Do ruralismo nacerá o lirismo, a poesía dos Cancioneiros, reflexo dun ideal que, segundo di Castelao (acoléndose a unha cita de Menéndez y Pelayo), "corresponde a un pobo de agricultores, dispersos en caseríos, e que ten por principal centro de reunión santuarios e romerías" (15).
- Réxime económico propio, dentro do sistema feudal que impuxeron a Galicia os suevos, "para a nosa desventura (Galiza non precisaba de feudalismo para organizarse, porque xa estaba organizada en cofradías agrícolas)". (16), apostilla Castelao. E nunhas páxinas máis adiante "clarifica" o concepto de cofradía agrícola cando sinala que "denantes de existiren estas xerarquías xa os galegos cubrían a súa terra en amorosa posesión, e practicaban o principio que en 1931 recolleu o programa galeguista: 'A terra para o Traballo; o traballo para a Terra'" (17).
- Relixiosidade propia: cristianismo heterodoxo e panteísta, simbolizado na doutrina priscilianista.
- Características psicolóxicas propias, a Saudade, a morriña, que para Castelao son de orixe céltica; xurden dos fondos primitivos da raza, o mesmo que outras características, como a *rítmica*, que "comandou a poesía dos Cancioneiros" e "agora move a 'muiñeira'" (18).

Todos estes elementos definitorios da nacionalidade (xa apuntados anteriormente polos ideólogos do nacionalismo: Murguía e Risco, sobor de todo), conflúen na Idade Media nun momento, para Castelao, no que Galicia se converte, a raíz da invención do corpo do Apóstolo e da apertura do camiño europeo, nun centro de universalidade, ó tempo que xenera unha poderosa cultura que se manifesta na poesía lírica e na arte románica.

É neste momento histórico, simbolizado na figura do "gran Xelmírez", cando Castelao data a posibilidade que tivo Galicia de conseguirla soberanía polí-

---

(15) Castelao, *op. cit.*, p. 243.

(16) Castelao, *op. cit.*, p. 239.

(17) Castelao, *op. cit.*, pp. 249-50.

(18) Castelao, *op. cit.*, p. 314.

tica. ¿Por qué non se logrou?. A resposta que nos dá Castelao é que Xelmírez, que tiña a responsabilidade histórica de reunir de novo a unidade territorial galego-portuguesa rota a fins do século XI, "por engrandecer a Sede Compostelán matou o pulo intuitivo de Galiza, entregándose a sorte de Castela" (19). Ademáis, continúa Castelao, "a cidade -aínda que se chame Compostela- non podía saber da potente realidade galega" (20), iñoraba á aldea, a Galicia. Resumindo con citas de Castelao: "Compostela (centro de anxeios universais)... non soupo ser a cabeza dunha nación, é dicir, a capital de Galiza"; e Xelmírez "traicionou os nosos anxeios e desviou as nosas enerxías, creando un Emperador para Toledo en vez de formar un Rei para Compostela". Por iso, segue Castelao, ós condes, prelados e varóns fazañosos galegos "nada lles debe Galiza, porque ningún deles camiñou pola roita dos nosos destinos", nin "escoitou a voz da conciencia primitiva e inasimilable de Galiza" (21).

A lectura feita por Castelao deste episodio histórico redúcese a unha visión exclusivamente galeguista do mesmo (Galicia nación como eixo central do relato). Só analiza o papel da nobreza galaica en relación co feito diferencial galego, neste caso coa posibilidade de alcanza-la soberanía política de Galicia. A súa concepción das clases sociais pivota igualmente sobre o problema nacional: por unha parte están os nobres, a élite galega "destinada" a conduci-lo proceso que leve á consecución da soberanía política; e pola outra, o pobo, onde se conservan as esenciais patrias. A falla de conciencia nacional nos primeiros, de non saber mirar para o pobo, conduce ó fracaso. Por iso exclama Castelao: "maxinemos aos nobres de Galiza afincándose no instinto vital do pobo e aproveitando as súas enerxías... ¡Qué grande sería hoxe Galiza!" (22). Esta mesma incomunicación nobreza-pobo, refléxase tamén para Castelao, no marco xeográfico: a cidade ignorante da aldea, é dicir, da nación, pois é no marco rural onde pervive a soberanía natural. Todo queda reducido a un problema visual (aínda non existían as lentes galeguistas): a nobreza e a cidade non perciben as enerxías nacionais, a herencia da Raza e da Terra, que se gardan no pobo e na aldea.

Os seguintes feitos históricos ós que Castelao concede unha atención especial no seu libro son as revoltas irmandiñas e a derrota da nobreza galega fronte ós Reis Católicos. Do período que precede a estes feitos -a Reconquista- danos unha visión na que segue a mesma liña interpretativa que a xa vista anteriormente: Galicia foi fone das enerxías e dos ideais da Reconquista, pero cometeu un grave erro ó participar na mesma, "torcendo así os propios destinos i escoándose mortalmente nunha ofensiva que soio redundaría en proveito e gloria de Castela" (23).

Polo que se refiere á "revolución dos irmandiños", Castelao enceta a súa versión dos feitos atacando ós historiadores que condenan o caos no que vivía in-

---

(19) Castelao, *op. cit.*, p. 204.

(20) Castelao, *op. cit.*, p. 240.

(21) Castelao, *op. cit.*, pp. 252-3. As dúas citas anteriores a ésta, sen chamada, pertencen tamén as pp. 252-253.

(22) Castelao, *op. cit.*, p. 254.

(23) Castelao, *op. cit.*, p. 241.

mersa a Galicia do s. XV, xa que para el non era máis que "un proceso violento e necesario chamado a enxendrar unha idea xerárquica de Galiza" (24), de non ser polas interferencias estranxeiras. De seguido pasa a describir ós protagonistas da contenda: os nobres, "altaneiros de carácter, belicosos de xenio e duros de corazón", presos dunha desmedida ambición i en continua loita entre eles mesmos, debido, segundo Castelao, á "existencia de moitos caracteres poderosos, determinados polo *logos* da época"; os prelados, que empuñan a espada en vez de pregaren a paz; os plebeos, que na súa opinión, "participaban por reflexo da rebeldía dos seus señores, e oponíanse a eles bravamente"; e por último, os monarcas centralistas, que adoptan unha política demagóxica, e "para fanaren a soberba dos nobres galegos, fomentaron o espírito popular, organizando Irmandades de viláns".

Logo de facer unha somera descripción das dúas revoltas, Castelao conclúe dicindo que a derrota dos irmandiños fronte ás "forzas reaccionarias" debeuse á falla de ideais, e "defende" ós nobres galegos -"duros, impíos, malvados, ruíns, tal e como aquela época esixía"-, que, polo menos, actuaron sen as hipócritas demagoxias dos monarcas casteláns. Como colofón a esta reconversión dun episodio de loita social nun conflito entre nacións, Castelao remata comparando a política das irmandades creadas por vontade dos reis casteláns, coa "mesma política que nós tempos modernos consinteu e até alimentou e fomentou o terrorismo en Barcelona. En Galiza tratábase de abater o fume dos señores; en Cataluña o fume das industrias, base do orgullo catalán. E todo demostra que o pobo soio se salvará o día en que deixe de ser *masa*".

Esta lectura da revolta irmandiña sérvelle a Castelao para enlazar co seguinte episodio: a derrota da nobreza galega a mans dos Reis Católicos. Agora, a nobreza, que segue sendo tan belicosa como a descrita anteriormente, posúe, para Castelao, un novo rasgo: "Nas súas obscuras conciencias pugnaba o alborexo dunha nova dignidade galega, cicais tan varil como a que enxendrou a Portugal. Empezaban a sentirense galegos por enriba de todo". Pero -continúa dicindo Castelao-, a súa intervención nos negocios casteláns (apoiando os dereitos da Beltraneja) lévaos á derrota, que se produce a resultas das revoltas irmandiñas, pois os monarcas casteláns, seguindo a súa política maquiavélica, e dado que os señores galegos seguían en divorcio co pobo, afondaron ese divorcio creando novas irmandades, que actuaron como quintacolumnistas ou policía indíxena ó servizo de Castela. Ao final saen derrotados os nobres, o pobo -que si, coma di Castelao, "era capaz de levantarse contra os seus señores, endexamáis pudo sacudir o xugo con que el mesmo axudou a someter a súa patria"-, e, sobre todo, Galicia. Pola contra, os Reis Católicos, os únicos vencedores, consiguen tronza-la posible revolución das clases serviles e desterran ós aristócratas galegos, que tanto necesitaba a Terra, pois, segundo Castelao, "tódolos pobos necesitaron unha aristocracia como agora necesitan unha élite -aristocracia non vitalicia nin hereditaria-" (25).

---

(24) Castelao, *op. cit.*, p. 335. As citas que seguen a ésta, sen chamada, pertence as pp. 335-9.

(25) Castelao, *op. cit.*, p. 347.

Como se pode ver, a lectura exclusivamente nacionalista é a predominante na visión que dá Castelao destes dous sucesos históricos. No esencial é unha interpretación trasplantada dos *Orígenes y desarrollo del regionalismo en Galicia* de Murguía, obra na que o historiador romántico, ó que segue Castelao, chega, como apunta Xusto G. Beramendi, "a unha reconstrucción do pasado galego... condicionada pola contraposición nación galega-Estado español, mediante un reduccionismo analítico que subordina a este pivote tódolos demais fenómenos históricos nos que está involucrada Galicia, sexan externos ou internos" (26). Por outra parte, e seguindo coa lectura de Castelao, as clases sociais aparecen definidas como un produto da época histórica, nun modelo que se achega máis á idea de que é a Historia a que fai ós homes e non ó revés. De ahí que a actitude dos nobres veña determinada, para Castelao, "polo *logos* da época". Actuaban "tal e como aquela época esixía", non por uns intereses determinados de clase. Ademais, tanto os individuos como as clases, xogan, no seu discurso, o papel de elementos pasivos ou activos da Nación. Non teñen existencia propia, só existen en relación coa Nación (o pobo-nación), o verdadeiro suxeito histórico para Castelao. Non é de extranar, xa que logo, o calificativo "-quintacolumnistas"- que lle adxudica ós irmandiños.

Na súa interpretación da Historia de Galicia está presente tamén outro elemento de procedencia risquián (27): a élite, simbolizada por Castelao nesa Santa Compañía de inmortalis galegos que fai desfilar, ó principio do Libro IV, baixo ós acordes da *Negra Sombra* de Montes. Élite, por outra parte, que na súa concepción da Historia ten reservado o papel de dinamizadora ou impulsadora do proxecto nacional galego; e que historicamente coincide coas clases dominantes, aínda que no proxecto político de Castelao convértese nunha "aristocracia non vitalicia nin hereditaria", a aristocracia galeguista, a élite creadora á que Risco encomendaba a reeducación de Galicia, a vigorización do espírito nacional.

A lectura que fai Castelao do ciclo histórico correspondente á *Galicia dominada*, que abarca a Historia moderna e contemporánea de Galicia, ou como di Castelao, "o período absorvente que vai da camisa suxa de Isabel á camisa perfumada de Isabel II", estará condicionada máis que nunca pola contraposición nación galega-Estado español. I é que agora xa non hai élites cegaratas e responsables de non impulsa-la soberanía política de Galicia. Agora, a élite, a nobleza galega, desaparece, domada e castrada polos Reis Católicos, do escenario galego. O inimigo, o único responsable de tódolos males de Galicia (e tamen de Hespaña, como proxecto político federal sucesor da *Hispania* histórica das nacionalidades), é Castela e o seu proxecto imperial, España, o Estado español, corporeizado nos Reis Católicos e nas monarquías dos Austrias e dos Borbóns, primeiro, e logo nas monarquías constitucionais do XIX e do XX.

---

(26) Xusto G. Beramendi, *Vicente Risco y el nacionalismo gallego*, p. 40 e 41. Cito e traduzo da Memoria de licenciatura (Santiago, 1980).

(27) A consideración da nación como suxeito propio e estricto da Historia xa está presente na obra de Risco, *Elementos para la metodología de la Historia*.

A longa noite de pedra para Galicia enceta, segundo Castelao, co desterro dos grandes señores -e non pola súa tiranía-, pois, como di el mesmo, suliñando de novo o papel que xogan as élites no seu discurso histórico, "con eles marchouse a rebeldía, o orgullo, a insumisión da patria galega" (28). A partir de agora comenza todo un rosario de desventuras: dominación das vilas e cidades galegas por medio de xusticias e correxidores, que introducen nos documentos a lingua oficial; incorporación a Galicia de bispos, cregos e frades estranxeiros, que imponen "dende o altar, a lingua, a cultura, a intransixencia e o fanatismo dos casteláns" (29); introducción en Galicia do concepto xurídico de propiedade, en detrimento do de posesión da terra, que, para Castelao, era o propio de Galicia; ... Sintetizando, en palabras de Castelao, os monarcas casteláns "para que en Galiza non poidera xurdir unha élite natural, capaz de substituír á nobreza de sangue, cegaron as fontes patrimoniaes do noso espírito e da nosa cultura, someténdonos á reitoría moral de Castela" (30).

Ademáis do relato das desventuras que padeceu Galicia, Castelao realiza unha valoración daquelas institucións que podían ser consideradas como "propias" da Galicia do antigo réxime: o voto en Cortes e a Xunta Xeral do Reino de Galicia. En ámbolos dous casos a valoración de Castelao é pesimista, distanciándose nisto das valoracións optimistas que Risco e Murguía mantiveran, por exemplo, sobor da Xunta Xeral do Reino. Pola contra, para Castelao, tanto esta como o voto en Cortes, non son máis que un exemplo de servidume económico-fiscal de Galicia e de nulidade das súas liberdades políticas. A visión histórica destas institucións, así como a do que el denomina "primeiro período da nosa escravitude política -dende Isabel I a Felipe IV" (o anterior á "consolidación" do Estado central polos borbóns), sírvelle a Castelao para exemplificar historicamente a necesidade presente da transformación do Estado español nun Estado plurinacional, da superación do marco estatutario da II República, pois para el "unha autonomía desprovista de garantías para sancionar a responsabilidade do Poder central, cando este contrariase o dereito escrito no Estatuto ou o usual e recopilado da rexión, sería unha liberdade precaria e moi perigosa" (31).

Despois de ver aqueles períodos históricos que Castelao pon a debate nas páxinas de *Sempre en Galiza*, poderíamos resumir a súa visión da Historia de Galicia -recollida esencialmente, como xa apuntei ó principio, da obra historiográfica de Murguía- en dous grandes ciclos: o primeiro correspondería a unha idade de ouro da nación galega, que acada o seu maior protagonismo político-cultural no período medieval, no que tamén perde a posibilidade de lograr a soberanía política -as élites esquencen o seu papel histórico-, rematando sometida a Castela despois da doma e castración da élite galega; e o segundo, a un tempo de decadencia e sometimento político a Castela, que se define pola inexistencia dunha élite que se opoña á dominación castelán e, sobre todo, polo ataque sistemático á

---

(28) Castelao, *op. cit.*, p. 347.

(29) Castelao, *op. cit.*, p. 342.

(30) Castelao, *op. cit.*, p. 348.

(31) Castelao, *op. cit.*, p. 370.

personalidade nacional galega, que produce un decaimento da mesma. Malia isto, Castelao dinos que Galicia segue dando individualidades inmortais (conde de Lemos, Gondomar, P. Sarmiento, P. Feixóo, ...) e creando cultura autóctona (o barroco, "estilo nacional"). Aínda máis, para Castelao, Galicia segue conservando a súa soberanía natural, os valores sustantivos da nacionalidade, custodiados no seo da terra-naí polo pobo galego, que refuga a lingua, a cultura, as tendencias e o temperamento do pobo dominador. I é que como di Risco: "Endexamáis perde un pobo a súa personalidade tradizoal, namentras a conxunción do *ethnos* e a *gea* se non desfaga" (32).

A estes dous grandes ciclos históricos, de nacemento-crecemento e decadencia, vaille engadir Castelao un terceiro que nace e se desenrola nas mesmas entrañas da decadencia: a historia do movemento autonomista e federal galego (do galeguismo), que aparece sintetizada nas últimas páxinas do seu libro. Nela, homes e feitos históricos eríxense en probas testimoniais e símbolos da "vontade autonomista e federal de Galiza", que para Castelao ten as súas orixes na guerra da Independencia, para continuar logo a súa marcha, en liñas xerais, via romanticismo, provincialismo, rexurdimento, rexionalismo e nacionalismo. Pero máis que a lectura forzada de feitos e persoaxes históricos, o que me interesa suliñar, para rematar, é o papel que xoga este terceiro ciclo na súa visión da Historia de Galicia, como un ciclo renovador, muro de contención da decadencia á que estaba sometido o espírito nacional galego; un ciclo que supón o nacemento daquela élite creadora, a "aristocracia non vitalicia nin hereditaria" destinada a dinamizar e levar adiante o proxecto político nacional, a consecución da soberanía política para Galicia. Esta élite, que se forxou no XIX e se consolidou no primeiro tercio do XX, foron os galeguistas, os que idearon Galicia -ese feito, como di Castelao, "creado pola intelixencia e impulsado pola imaxinación"- (33); os que, proclamándose nacionalistas, impulsaron un movemento de liberación nacional que acadou a súa maior victoria política o 28 de xuño de 1936, co triunfo plebiscitario do Estatuto de Autonomía. Excuso dicir que un dos protagonistas máis activos, cultural e, sobre todo, politicamente, desa élite, foi Castelao.

---

(32) V. Risco, Prólogo á *Historia sintética de Galicia*, de R. Villar Ponte, 2ª ed., Santiago, 1932, p. 7.

(33) Castelao, *op. cit.*, p.184.